

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ACORDO do 27 de marzo de 2020 polo que se adoptan medidas relativas ao control da distribución e dispensación de especialidades con cloroquina e hidroxicloroquina.

O artigo 34.12 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, prevé, entre as intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde, a posibilidade de adoptar as medidas preventivas que se consideren pertinentes en caso de que exista un risco inminente e extraordinario para a saúde.

Para tal efecto, a Administración sanitaria poderá proceder á incautación ou inmovilización de produtos, a suspensión do exercicio de actividades, o peche de empresas ou das súas instalacións, a intervención de medios materiais e persoais e cantas outras medidas se consideren sanitariamente xustificadas.

A duración das medidas a que se refire ese punto fixaranse para cada caso, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas por resolucións motivadas, e non excederá do que exixa a situación de risco extraordinario que as xustificou.

O artigo 52.4 da mesma Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que, ante situacións de crise, alerta ou alarma de saúde pública, o Sistema público de saúde de Galicia responderá con mecanismos e accións precisas que garantan a protección da saúde da poboación.

Mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarouse a emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG nº 51, do 15 de marzo de 2020).

A declaración de estado de alarma, acordada polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, xunto coa necesidade de manter unha continuidade na prestación farmacéutica, require da posta en marcha de medidas extraordinarias.

Por outra banda, o artigo 8.3 da Lei 3/2019, do 2 de xullo, de farmacia de Galicia, prevé entre as obrigas dos establecementos e servizos de atención farmacéutica a de estar



suxeitos ao cumprimento das obrigas derivadas do principio de solidariedade e integración sanitaria, nos casos de emerxencia ou perigo para a saúde pública.

Neste intre as necesidades urxentes de medicación a nivel hospitalario e o incremento de casos de persoas infectadas polo COVID-19 fan necesaria a adopción de medidas extraordinarias que garantan a continuidade dos tratamentos crónicos xa existentes no ámbito ambulatorio, así como a cobertura das necesidades hospitalarias de determinados fármacos e principios activos, necesarios para loitar eficazmente contra a pandemia.

Dentro dos tratamentos utilizados para combater a infección polo COVID-19 encóntranse a hidroxiclороquina e a cloroquina.

O tratamento da infección polo COVID-19 con cloroquina e hidroxiclороquina débese facer tendo en conta o previsto no Decreto 1015/2009, do 19 de xuño, polo que se regula a dispoñibilidade de medicamentos en situacións especiais.

A Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios estableceu un procedemento de distribución controlada das especialidades con cloroquina e hidroxiclороquina á canle de distribución, coa finalidade de garantir a continuidade do tratamento aos pacientes que cumpran as indicacións autorizadas nas fichas técnicas destes medicamentos.

Tendo en conta o anterior, e de conformidade coa Orde SND/276/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen obrigas de subministración de información, abastecemento e fabricación de determinados medicamentos na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, cómpre establecer medidas extraordinarias en relación coa distribución e dispensación das especialidades con cloroquina e hidroxiclороquina, e para tal efecto

ACORDO:

Primeiro. As existencias dos almacéns de distribución serán monitorizadas pola Consellería de Sanidade, co obxecto de dispor en todo momento de información actualizada das existencias de especialidades con cloroquina e hidroxiclороquina.

Segundo. As oficinas de farmacia só poderán solicitar a reposición ao almacén de distribución no momento en que acuda un/unha paciente cunha receita Sergas dispensable de especialidades con cloroquina e hidroxiclороquina, de tal xeito que só se poderá repor a cantidade dispensada ao/á paciente concreto/a.

CVE-DOG: fmx7hxy7-uhl6-4gf0-ynb7-hnnhhpcpl4y3



Terceiro. No caso de dispensacións non comprendidas no acordo segundo, só se poderán dispensar as citadas especialidades logo de constancia dun informe ou declaración responsable do/da facultativo/a prescriptor/a colexiado/a que xustifique a necesidade de instaurar ou manter o tratamento para unha patoloxía ou patoloxías crónicas determinadas, e de conformidade coas indicacións autorizadas nas súas fichas técnicas. Estes documentos deberán respectar o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As dispensacións a que se refire este punto estarán suxeitas ao previsto no artigo 4 da Orde SND/276/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen obrigas de subministración de información, abastecemento e fabricación de determinados medicamentos na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Cuarto. Establécese de xeito excepcional e temporal o procedemento de homologación sanitaria para as novas prescricións de hidroxiclороquina e cloroquina en receita electrónica Sergas conforme as indicacións autorizadas nas súas fichas técnicas.

Quinto. De xeito excepcional e temporal non se poderán dispensar receitas Sergas en formato papel para as especialidades con cloroquina e hidroxiclороquina.

Sexto. As citadas medidas manteranse mentres se manteña vixente o estado de alarma ou as súas prórrogas.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2020

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade

CVE-DOG: fmx7hxy7-uhl6-4gf0-ynb7-hnnhhpcpl4y3

